



Rutas de Artesanía

da Mariña Lucense

A Mariña
lucense
Mancomunidade de Concellos

Artesanía na Mariña Lucense

O saber facer dos nosos devanceiros vese reflexado nos oficios tradicionais que seguen vivos no noso territorio hoxe en día. Este prezado patrimonio cultural, xunto ó valor dos produtos únicos, feitos e decorados a man, converten a artesanía nunha magnífica forma de enchouparse da cultura local e levar un anaco desta para a casa.

A artesanía, estreitamente ligada á **historia** e **natureza** da Mariña Lucense, conforman no seu conxunto unha oferta única, que fai deste destino con preto de 40 artesáns de diversas disciplinas, un lugar excepcional para o visitante que desexe viaxar no tempo a través dos oficios artesanais. Valores tan actuais como a reciclaxe, a reutilización de materiais ou a importancia de consumir produtos de proximidade e de tempada, chegaron a nós da man de oficios tradicionais como a cerámica, a carpintería, a cantería, a elaboración de redes, a xoiería, a serigrafía, a moda ou a restauración.





Que son as Rutas de Artesanía?

Trátase dunha serie de itinerarios turísticos onde os principais protagonistas son os artesáns da Mariña Lucense e nos que o visitante coñecerá de preto os oficios, os obradoiros e o traballo diario, desde o deseño, as materias primas, a produción ou a comercialización. Xunto a iso, propoñémosche desfrutar doutros recursos culturais, naturais e gastronómicos da zona, próximos aos obradoiros de artesanía, para que podas complementar a túa visita e descubrir outros atractivos da contorna.

Esta proposta no seu conxunto, apóiase nunha experiencia de **turismo slow**, unha filosofía que fuxe das présas e reivindica a calma á hora de viaxar e propón, sobre todo, imbuírse na cultura local.

A Mariña Lucense conta con múltiples e singulares recursos turísticos. Nestas rutas, atoparás recomendacións sobre lugares próximos de interese e información do tempo aproximado que require visitalos, para que podas organizar axeitadamente o teu percorrido. As posibilidades son infinitas.

Se queres coñecer máis opcións animámoste a que visites a nosa páxina web amarinalucense.gal.



Ruta de Regal Cerámica

No **Complejo Regal Xunqueira** atópase o obradoiro do ceramista **Otero Regal**, Premio Nacional de Artesanía 2011. É aquí onde, utilizando materiais da zona (feldespato de Silán, cuarzo do Barqueiro, caolín de bola de Barreiros e caolín de Fontao en Foz), produce gran variedade de pezas, outorgándolle o seu característico estilo. Ademais, o complexo de **Viveiro** alberga o Museo da Cerámica, o Museo da Pel (inventariados a nivel autonómico e estatal) e varios espazos expositivos temporais. Existe un itinerario con indicadores para visitas por libre e tamén visitas guiadas en grupos.

En Regal Xunqueira poderás realizar un curso de iniciación á cerámica que inclúe os diversos tipos de elaboración do barro a partir da cultura cerealista, cerámica campaniforme, molde de apretón, pratos e torno.



Xunqueira, Viveiro.
Tel.: 982 562 589
ceramica@otoregala.com



De luns a venres:
10h_14h e 16h_20h.
Visitas con cita previa;
reservar con antelación.

Prezo:
Acceso libre gratuito.

Visita guiada:
3€/persoa (mínimo 10 persoas)

Actividade de iniciación á cerámica (as pezas serán para o alumnado):
10€/persoa (mínimo 10 persoas)

*En tempada estival, horarios de visitas establecidos

O Paseo Fluvial Alcalde Cerdeiras, á beira do río Landro, pasa preto do Convento de Valdeflores, percorre A Panela, (espazo integrado na Zona de Especial Conservación -ZEC- Río Landro) e finaliza na área recreativa de Portochoao. O percorrido é duns 3,5 km lineais.

En Chavín, a 3 km de Regal Xunqueira, atópase o **Souto da Retorta**, un entorno declarado Monumento Natural desde o ano 2000. Nel verás O Avó, a árbore máis grande de España e unha das de maior envergadura de Europa (incluída no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras). Este paseo lineal de 1'5 km de lonxitude descorre paralelo ao **Río Landro** entre titánicos exemplares de *Eucalyptus Globulus* e vexetación autóctona, formando parte do importante patrimonio industrial creado polo mindoniense José Barro.

O **centro histórico de Viveiro** é un lugar ideal para coñecer as rúas dunha vila medieval antigamente amurallada, que conserva en pé tres das súas seis portas de acceso: **a de Carlos V** (do século XVI), **a do Valado** e **a da Vila** (ambas do s. XIII). Dentro do casco atoparás o **convento das Concepcionistas** e tres templos: a igrexa do propio convento, **Santa María** e **San Francisco** -onde poderemos visitar a Exposición Permanente dos pasos da Semana Santa desta cidade, declarada de Interese Turístico Internacional en 2013-, prazas, rúas gremiais e outros monumentos. Podes vivir unha experiencia diferente a través de peculiares anécdotas e personaxes, percorrendo a intrahistoria da cidade baixo unha atmosfera máxica, coa audioduía ficcionada **“Conversas nun Viveiro fantástico”**.

Tamén che recomendamos: A 5 km de Viveiro, sorprenderase coa ruta costeira do **Fuciño do Porco**, unha pasarela sobre o acantilado de **Punta Socastro** en **O Vicedo** (consulta condicións de reserva en tempada turística en puntafucinodoporco.gal). A uns 20 km cara ao sur atoparás a ferverza do **Río Xestosa**, de acceso doado e unha ruta curta, que descende como unha cortina polas verdes ladeiras da montaña en **Ourol**.



*Tempo mínimo de visita recomendado



Ruta de Estaleiros Fra

En pleno centro de **San Cibrao**, concello de **Cervo**, na desembocadura do Río Cobo, atópase o estaleiro tradicional de **Francisco Fra**. Tras sete xeracións, é o último que mantén vivo o oficio da carpintería de ribeira na Mariña Lucense.

Na visita ao obradoiro, con máis de 200 anos de historia, serás testemuña da experiencia e precisión que implica a construción dunha embarcación. A confección dos planos, a reprodución en maquetas, a execución a tamaño real da nave, as ferramentas utilizadas e outras curiosidades, son mostradas por Fra durante a visita, como perfecto coñecedor e transmisor da historia naval da zona.



R/ Beiramar, San Cibrao, Cervo.
Tel.: 677 595 676
fransanciprian@hotmail.com



Visitas con cita previa;
reservar con antelación.

Prezo:
3€/persoa

A uns pasos do estaleiro, está o **Museo Provincial do Mar**, o complemento perfecto e unha parada obrigada tras visitar a carpintería de ribeira de Francisco Fra. Nas diferentes salas do museo verás gran cantidade de artigos relacionados coa navegación e a vida mariña. Ademais, no mesmo, existe un espazo destinado a lembrar o pasado baleeiro do porto de San Cibrao, onde se expoñen auténticos restos óseos de baleas, as ferramentas utilizadas para a súa caza e outras peculiaridades. Consulta condicións de visita no tel.: 982 594 572.

A 7 km de San Cibrao, no mesmo concello de Cervo, atópase a fábrica de Cerámica de **Sargadelos**, que conta cun **museo** no que coñecer a historia desta cerámica desde Isaac Díaz Pardo, anos 50, ata a actualidade. Consulta as condicións de visita no tel.: 982 557 841. A menos dun quilómetro da mesma, sitúase o **Complexo Histórico-Artístico de Sargadelos**, co seu propio museo, que ocupa a antiga Casa da Administración e onde entenderás como comezou todo con Antonio Raimundo Ibáñez en 1791. Na súa contorna, seguindo o Río Xunco, podes realizar o agradable **Paseo dos Namorados** rodeado de vexetación autóctona ata a presa e ferverza artificial construída en 1791. Fronte ó seu inicio, as antigas instalacións da fábrica de Sargadelos acollen na actualidade diversos oficios artesáns.

Tamén che recomendamos: A 11 km de Cervo, en **Xove**, a **Senda Costeira** que parte, de xeito lineal, do porto de **Morás** e segue case paralela ao **Camiño Natural da Ruta do Cantábrico**. Ademais da paisaxe singular que conforman os dolos de Morás (estruturas de formigón para construír os espigóns do porto de Alcoa), durante o percorrido desfrutarás dunha espectacular paisaxe formada por abruptos cantís, coma os **Cantís de Papel**, por illas, praias e cabos. A nivel arqueolóxico, o Castro de San Tirso é unha marabillosa testemuña do **pasado castrexo** deste concello.



*Tempo mínimo de visita recomendado






Ruta de Redeiras Cabo Burela

A *Asociación Cabo Burela* mantén vivo o tradicional oficio das redeiras e a reparación das redes de pesca. No pasado, era este colectivo -formado exclusivamente por mulleres-, o que reparaba as redes, nasas e outros aparellos de pesca.

Actualmente, o traballo das redeiras segue sendo un importante sinal de identidade da tradición mariñeira da Mariña Lucense e o seu papel segue sendo esencial para que os barcos podan saír a faenar.

Na nave de redes poderás apreciar este traballo artesanal do que depende o sector pesqueiro, unha das principais actividades económicas do territorio. Na mesma, existe tamén un espazo onde se expón maquinaria e outros elementos de barcos de pesca.



Nave de Redeiras. Porto de Burela.
Tel.: 630 757 910
caboburela@hotmail.com



De luns a venres:

Visitas con cita previa;
reservar con antelación.


Prezo:
5€/persoa

**En tempada estival, horarios de visitas establecidos*

No **Porto de Burela** está atracado o **Barco Museo Reina del Carmen**, testemuña do pasado da pesca do bonito do Norte nun dos portos máis importantes de España; a visita perfecta para completar o traballo das redeiras. Consulta condicións de visita no tel.: 982 586 000 para percorrer o interior desta embarcación, coñecer de preto as artes de pesca tradicionais e as diferentes partes dun barco boniteiro.

Na **praia da Marosa**, a 3 km ao Noroeste do Porto de Burela, comeza a **Ruta do Litoral Burelés**, sinalizada como Sendeiro Azul. Ao longo da mesma verás praias e calas, coñecerás o asentamento castrexo de Chao de Castro, lugar de orixe do emblemático **Torques de Burela**, e observarás o conxunto de pregues xeolóxicos mellor conservado de Galicia preto do Perdouro, lugar de inicio da rasa cantábrica, unha formación litoral que se estende pola costa norte da península ibérica.

Tamén che recomendamos: A 18 km de Burela, no Valadouro, atópase a Ruta dos Pozos. Este paseo fluvial ha de levarte por un sendeiro ao longo de pequenos cursos de auga que van formando distintas piscinas naturais. Pasarás polo Pozo das Moscas e ao final chegarás ao salto de auga do **Pozo da Onza**. O **Valadouro** é un dos concellos da Mariña Lucense situado na **Serra do Xistral**, un lugar cheo de maxia que acolle unha biodiversidade de excepcional importancia para todo o continente europeo. Bestas, lobos, voitres e plantas carnívoras, entre outras moitas especies de fauna e flora, conviven neste enclave. O **Prado das Chantas**, seguindo no Valadouro, do que se conservan unhas 250 pedras fincadas, é testemuña do pasado megalítico desta comarca.



*Tempo mínimo de visita recomendado





Ruta do Espazo Caritel

A cerámica, a arte e a natureza danse cita no obradoiro de Daniel Caxigueiro, en San Martiño de Mondoñedo (Foz).

En *Espazo Caritel*, un singular edificio contemporáneo de salas diáfanas, podes gozar tanto de exposicións temporais como da obra máis emblemática do artista plástico. Pezas que xogan coas texturas e as dimensións para dar lugar a insinuantes creacións.

Na visita o artesán amosa persoalmente tanto a súa propia obra como os procesos de creación que segue para realizala.



O Caritel, 6. San Martiño de Mondoñedo, Foz.
Tel.: 982 132 694
espazocaritel@gmail.com



Visitas con cita previa;
reservar con antelación.

Prezo:
Visita individual:
5€/persoa

Grupos:
2€/persoa
(mínimo 10 persoas)

**En tempada estival, horarios de visitas establecidos*

A 200 metros do Espazo Caritel temos a **Basílica de San Martiño de Mondoñedo**, unha das xoias arquitectónicas e artísticas da Mariña Lucense. Considerada a catedral máis antiga de España en pé, foi construída no século IX e conta cunha historia que se remonta ao século VI, cadrando coa chegada dos bretóns a Galicia. No seu **centro de interpretación** poderás indagar máis sobre o pasado deste Ben de Interese Cultural. É posible concertar visita guiada chamando con antelación ao 982 132 607 para descubrir esta marabilla do románico.

Se queres sentirte como un máis entre mariñeiros e poboación local, propoñémosche que pasees polo **porto pesqueiro de Foz**, e bordees o seu litoral seguindo a Ruta das Praias e desfrutando dunhas magníficas vistas da costa.

Tamén che recomendamos: A 20 km de distancia de Foz está o concello de **Alfoz**. Alí podemos visitar o **Castelo de Castrodouro**, unha antiga fortificación construída no s. XV, perfecta para coñecer a arquitectura civil popular e que pertenceu ao mariscal Pardo de Cela, figura clave da Revolta Irmandiña e protagonista da audioguía ficcionada **“O Mariscal: mito, lendas e noticias do último guerreiro medieval”**, que viaxa ao pasado pola historia deste castelo. Non moi lonxe do mesmo, e estreitamente ligado coa figura do Mariscal, o **Pico da Frouseira** é un dos escenarios máis importantes das batallas que nesa época tiveron lugar. Hoxe en día, é tamén un magnífico miradoiro natural.



● ● ● ● ●

Espazo Caritel. 2h. Basílica de San Martiño. 1h. Ruta das Praias. 2h. Castelo Castrodouro. 1h. Pico da Frouseira. 1h.

*Tempo mínimo de visita recomendado



Ruta de Raíces Nómadas

En Ribadeo, na Estación de FEVE, atopamos o *Atelier Raíces Nómadas*, onde Ezequiel Franchi elabora artesanalmente produtos de marroquinería fina. Alí crea as súas pezas 100% a man, elixindo os mellores materiais.

Tamén fusiona técnicas como o macramé e a soguería criolla, herdada da cultura arxentina da que procede.

No interior do obradoiro poden observarse as ferramentas, as materias primas e as técnicas do oficio, encargar pezas personalizadas ou adquirir algún artigo.



Rúa Estación de Feve, 7. Ribadeo.
Tel.: 673 771 367
raicesnomadasart@gmail.com



Visitas con cita previa;
reservar con antelación.

Prezo:
Visita individual:
3,50€/persoa

Grupos:
25€/grupo
(entre 10 e 12 persoas)

**En tempada estival, horarios de visitas establecidos*

Podes coñecer **Ribadeo** e o seu centro histórico, salpicado das peculiares **casas de indianos**, coa audioguía ficcionada **“Ribadeo alén do Tempo”**. Desde a vila, podes acceder a unha estrada que percorre a costa e que te levará por lugares tan emblemáticos como O Cargadoiro, o Forte de San Damián, o Faro de Illa Pancha e ata o Porto de Rinlo.



A 6 km de Rinlo -ou a 10 km do centro de Ribadeo se prefires ir directo por autovía- sitúase un dos principais atractivos da Mariña Lucense, o Monumento Natural da **Praia das Catedrais**, (en tempada alta é preciso reservar cita, con visita guiada ou libre, ambas de balde, na web ascatedrais.xunta.gal).

Tamén che recomendamos: Achegándote ata o veciño concello de **Barreiros** (a 19 km de Ribadeo), podes adentrarte nun pequeno bosque atlántico e percorrer a Ruta de **Santo Estevo do Ermo**, que descorre xunto ao regato de Santo Estevo entre un bosque de castiñeiros, carballos e bidueiros, pasando polo fermoso salto de auga que lle dá nome á ruta.



Outro interesante recurso, e nada masificado, é a **Ruta da Lagoa de Pallares**, un percorrido circular de 5,5 km e dificultade baixa.



*Tempo mínimo de visita recomendado



Ruta dos artesáns de Mondoñedo

O mindoniense **Barrio dos Muíños** é artesán por tradición. As olarías **Esquina Atlántica** e **Os Artesáns do Pasatempo**, con Marcelo e Maíca, e **O Alfar de Mondoñedo** **As Formas da Terra**, con Sandra e Nuria á fronte, moldean o barro para obter obxectos tanto modernos como tradicionais que logo decoran a man. Na visita a estes obradoiros coñecerás a importancia da olaría en Mondoñedo e verás as técnicas necesarias para traballar o barro.

Fernando Vilariño é un canteiro que esculpe de xeito tradicional granito, mármore e lousa para acadar pezas únicas. No seu obradoiro poderás ver creacións puramente decorativas, outras útiles no día a día e as que combinan deseño e funcionalidade, unha das súas principais premisas. A visita, ademais de didáctica, é interactiva, con demostración e práctica de cada visitante.

Na porta de enfrente, **Ton Arenas**, escenógrafo e titiriteiro, tamén elabora e manexa monicreques e os seus escenarios. Produce espectáculos e obxectos artísticos. Unha moi grata sorpresa para todos os públicos neste barrio artesán de Mondoñedo.

Xa preto da catedral, Verónica Page traballa a la da ovella e da alpaca en **La Botica del Abuelo**. Trátase dun local onde promoven o coñecemento e recuperación de técnicas manuais de fiado e tecido; un comercio xusto colaborativo con respecto pola natureza, roupa bio e nutrición a partir de herbas aromáticas e especias.

- 📍 **O Alfar de Mondoñedo**
Muíños de Abaixo, 31. Mondoñedo.
Tel.: 678 934 025
info@asformasdaterra.com
- 📍 **Esquina Atlántica e Os Artesáns do Pasatempo**
Muíños de Arriba, 28. Mondoñedo.
Tel.: 605 607 425
esquinaatlantica@gmail.com
- 📍 **O Canteiro**
Bispo Fernández de Castro. Barrio dos Muíños. Mondoñedo.
Tel.: 678 990 683
punteiradasviladepedra@gmail.com
- 📍 **Mircromina Títeres**
Bispo Fernández de Castro, 3. Barrio dos Muíños. Mondoñedo
Tel.: 617 353 140
tonarenas@gmail.com
- 📍 **La Botica del Abuelo**
Centro Comercial Peña de Francia. Mondoñedo.
Tel.: 634 090 597
bosquedeminiones@gmail.com
- 🕒 **Visitas con cita previa;**
reservar con antelación.
Prezo:
Acceso libre gratuito.
Visita guiada:
3€/persoa/obradoiro

Consultar dispoñibilidade e prezos para talleres participativos.

*En tempada estival, horarios de visitas establecidos

No mesmo **Barrio dos Muíños**, no antigo matadoiro que logo pasou a ser escola de música e hoxe en día é obradoiro artesán, **Estudio Estampa** confecciona orixinais artigos aplicándolles serigrafía. A escasos metros deste barrio está o **centro histórico de Mondoñedo, Conxunto Histórico-Artístico**. No seu epicentro ízase a **Catedral Basílica da Asunción**, do século XIII, declarada Monumento Nacional en 1902 e Patrimonio Mundial pola UNESCO en 2015. É o edificio máis antigo e importante da cidade. Podes percorrer as rúas desta cidade coa audioguía ficcionada **“Mondoñedo e familia”**, un paseo baseado na figura do universal escritor **Álvaro Cunqueiro**.



A 7 km do centro de **Mondoñedo** sitúase a **Cova do Rei Cintolo**, a cavidade visitable máis grande de Galicia con máis de 6 km de desenrolo. Para contemplar as súas formacións (estalactitas, estalagmitas, columnas, coladas e mesmo un pequeno lago) é preciso reservar previamente na **oficina de turismo de Mondoñedo** (tel.: 982 507 177).



Tamén che recomendamos: Coñece **Lourenzá**, a 9 km de Mondoñedo, a través da audioguía ficcionada **“Vilanova de Lourenzá. Paisaxes da memoria”**, na que o escritor, intelectual e político Francisco Fernández del Riego nos descobre os rincóns dunha infancia feliz. Non debes esquecer visitar o **Mosteiro de San Salvador**, un referente do barroco galego. No seu interior destacan un impresionante relicario barroco do s. XVII, o **Museo de Arte Sacro** e o **Centro de Interpretación da Faba de Lourenzá**. A poucos quilómetros atópase a **Fortaleza de Tovar**, unha espectacular edificación medieval construída no s. XVI sobre unha antiga torre de defensa.



Artesáns de Mondoñedo. 3h.

Centro Histórico de Mondoñedo. 2h.

Cova do Rei Cintolo. 3h.

Mosteiro San Salvador. 1h.

Fortaleza de Tovar. 1h.

*Tempo mínimo de visita recomendado



Ruta dos Ferreiros da Pontenova e Riotorto

Navallas J. Rodil, en *A Pontenova*, e *JOMACA* ou *MAF*, en *Riotorto*, moldean o duro aceiro como facían os seus devanceiros. Usando o lume das forxas alimentadas con carbón, a zafra, os mazos e o martelo, os ferreiros crean ferramentas de corte como navallas, coitelos e fouces.

No interior de cada obradoiro poderemos ver as ferramentas propias do oficio, na súa maioría confeccionadas por eles mesmos, e adquirir algún dos obxectos artesanais. A historia destas localidades veciñas está estreitamente ligada á ferrería e á minería do ferro. Rodil, JOMACA e MAF son tres dos artesáns que manteñen vivo este oficio que antigamente era a forma de vida de moitas familias da zona.

- ◉ **Navallas J.Rodil**
Muruais, 5, A Pontenova.
Tel.: 648 115 385
jrodilartesaniamail.com
- ◉ **MAF**
Hermida, 20. Riotorto.
Tel.: 982 346 219
mafartesaniamail.com
- ◉ **JOMACA**
Hermida, 25. Riotorto.
Tel.: 696 812 704
jomaca_cuchillos@hotmail.com

🕒 *Visitas con cita previa; reservar con antelación.*

Prezo:

Visita individual:
6€/persoa/obradoiro

Grupos:
25€/grupo
(entre 5 e 10 persoas)

No centro da Pontenova sitúanse os **foros de Vilaoudriz**, construídos a finais do s. XIX para fundir o ferro extraído das minas próximas e emblema desta localidade. No antigo edificio da estación de tren atópanse a Oficina municipal de turismo e a **Aula de Interpretación da Pesca**. Desde Vilaoudriz parte a **Ruta do Ferrocarril do Río Eo**, unha ruta de 12 km que segue a antiga liña de ferrocarril que durante a primeira metade do s. XX transportaba o ferro ata Ribadeo para ser cargado en barcos no **Cargadoiro**, en plena **Reserva da Biosfera Río Eo-Oscos e Terras de Burón**. Polas distintas **rotas de sendeirismo** que existen, tamén se pasa polo **Forno de Bouloso** ou pola **Mina Consuelo** con visitas guiadas ao seu interior e a posibilidade de reservar un salto na **Tirolina das Minas**, empresa que tamén ofrece visitas guiadas por esta contorna.

En Riotorto, a 8 km da Pontenova, moi próximo aos obradoiros de MAF e JOMACA, en plena **Ruta do Ferro**, atópase o **mazo de Ferreiravella** de 1742. Rehabilitado, na actualidade forma parte dunha Área Recreativa e Conxunto Etnográfico que é posible coñecer mediante cita previa no tel.: 982 346 222.

Tamén che recomendamos: En **Trabada** (a 15 km da Pontenova) podes desfrutar dunha ruta a través dun frondoso bosque entre vexetación autóctona pola **Fraga da Becerreira**. Preto de alí está o **Museo Etnográfico José Rocha**, unha colección sobre aveños, trebellos e oficios doutros tempos.



*Tempo mínimo de visita recomendado



A gastronomía na Mariña Lucense



Outro dos grandes atractivos deste destino é a súa rica e variada gastronomía, que no seu principio de fuxir das présas para deterse a coñecer, complementa á perfección estas Rutas de Artesanía. Se ben é certo que as elaboracións tradicionais marcan as propostas gastronómicas, tamén se poden atopar apostas máis atrevidas en moitos dos **restaurantes** da Mariña Lucense. Para mercar ou degustar, déixate guiar polos propios artesáns e pola poboación local, os mellores anfitrións e conselleiros.

As hortas da Mariña Lucense abastecen os mercados semanais e os pequenos comercios locais de froitas, verduras, hortalizas e legumes, destacando especialmente a Horta de Mondoñedo. Merece mención especial a **Faba de Lourenzá**, amparada pola I.X.P. (Indicación Xeográfica Protexida) do mesmo nome e que actualmente acolle a produción en 15 concellos da Mariña.

Ás lonxas e portos dos concellos costeiros chega diariamente peixe e marisco fresco da mellor calidade. Bo exemplo é a Merluza do Pincho de Celeiro ou o Bonito do Norte de **Celeiro** e **Burela**.

Ámbalas dúas flotas practican ademais unha pesca sostible ecolóxica e economicamente. A diferenza da pescada, que se pode consumir ao longo de todo o ano, o bonito ten o seu mellor momento na tempada estival. Outros peixes como a robaliza, o sargo, a sardiña, a xarda, o xurelo ou o bocarte e mariscos como a nécora, o percebe, a centola, o boi e ourizo de mar e diferentes tipos de bivalvos chegan día a día, tanto aos portos mencionados, coma aos do **Vicedo, Foz, San Cibrao, Rinlo** ou **Ribadeo**.

Gandeiros da zona, baixo a I.X.P. **Ternera Gallega**, producen carne de vacún que crían aproveitando os ricos pastos da Mariña Lucense. Ademais deste tipo de ganderías, tamén destaca o gando porcino e, en concreto, a raza de **Porco Celta**.

Non se pode deixar de nomear a importancia dunha boa fariña nesta terra. Disque unha boa comida debe ir sempre acompañada dun bo pan. Numerosas panaderías da Mariña Lucense elabóranos de xeito artesanal, utilizando nalgúns casos gran cultivado no propio territorio. Outro produto típico é a empanada nas súas diferentes versións: de masa de pan, de fariña de millo ou de masa de follado (coñecida como pastelón). A Enfariñada de Trabada ou os Faragullos da Pontenova fan gala da riqueza e variedade deste produto tan típico en Galicia.

En canto á repostería, pódese dicir que a améndoa é a raíña, como na Torta de Mondoñedo, a Colineta de Viveiro e o Valadouro ou a Torta de Riotorto. Tamén hai lugar para chocolates artesanais e para doces típicos en cada época do ano, como os do Entroido ou os da Semana Santa. O mel, que se segue a recoller de forma tradicional, conta co seu propio Museo no Valadouro (visitas guiadas a diario con cita previa no tel.: 626 162 791).

Nos últimos tempos xurdiron algúns produtores de cervexa artesá que incorporan ás súas bebidas ingredientes tan sorprendentes coma a auga de mar ou o citado mel.



Obradoiros Artesáns da Mariña Lucense



Artes de pesca

• **Miguel Ángel Fernández**
O Formigueiro. Mondoñedo.
Tel.: 619 271 490
josevigo@telefonica.net **f**

• **Asociación de Redeiras Cabo Burela**
Nave de Redeiras, Porto de Burela.
Tel.: 630 757 910
caboburela@hotmail.com **f** **@**



Calceta | Gancho

• **Puntada de Hada**
Avda. Da Mariña, 26. Foz.
Tel.: 608 555 030
puntadadehada@gmail.com **f** **@**

• **La Botica del Abuelo**
C.C. Peña de Francia. Mondoñedo.
Tel.: 634 090 597
bosquedeminiones@gmail.com **f** **@**

• **Sanaartesana**
Piñeiro, 4. San Xurxo. Lourenzá.
Tel.: 664 812 654
mujerpaz@yahoo.es **f**



Cantería

• **Fernando Vilarriño Gosende**
Os Muíños, 31. Mondoñedo.
Tel.: 678 990 683
ferynuria3409@gmail.com **f** **@**



Carpintería | Ebanistería | Restauración

• **Carpintería César**
Rececende. A Pontenova.
Tel.: 982 346 061
cesarcarpinteria@gmail.com

• **Carpintería de Alejandro**
Estrada xeral, s/n. A Pontenova
Tel.: 982 342 601
fmarber63@gmail.com **f**

• **Carpintería Fernández**
Valiño, 23. Mondoñedo.
Tel.: 619 271 490
josevigo@telefonica.net

• **Carpintería Restauración**
Juan Carlos
Carroceira, 17. Mondoñedo.
Tel.: 606 865 449
carpinteriajcrivas@yahoo.es

• **María Esther**
García Fernández
Travesía da Mariña, 22. Lourenzá.
Tel.: 659 120 505
esther.laherencia@hotmail.es

• **Regina Antigüedades**
Praza da Catedral. Mondoñedo.
Tel.: 650 422 866
reginaantiguedades@yahoo.es



Carpintería de Ribeira

• **Estaleiros Fra**
Beiramar, San Cibrao. Cervo.
Tel.: 982 593 024
fransanciprian@hotmail.com **f**



Cerámica | Olería

- **Cerámica Eu Son**
Eijo Garay, 20. Burela.
Tel.: 982 581 112
fundacion@fundacioneuon.es
- **Daniel Río Rubal**
Caritel, Foz.
Tel.: 982 132 694
caxigueiro@gmail.com
- **Esquina Atlántica e Os Artesáns do Pasatempo**
Muíños de Arriba, 28. Mondoñedo.
Tel.: 605 607 425
esquinaatlantica@gmail.com
- **Lucía Fernández Catuxo**
Vilafernando. Trabada.
Tel.: 669 446 352
luciacatuxo@casadocura.es
- **María Jesús López Lage**
Álvaro Cunqueiro, 15. Foz.
Tel.: 657 605 618
artechuslage@hotmail.com
- **Regal cerámica Artesán**
Xunqueira, Viveiro.
Tel.: 982 562 589
ceramica@otero regal.com
- **O Alfar de Mondoñedo**
Muíños de Abaixo, 31. Mondoñedo.
Tel.: 678 934 025
info@asformasdaterra.com



Escenografía | Cartelismo | Monicreques

- **Antonio Rodríguez Arenas**
Valoria, 2. O Carme. Mondoñedo.
Tel.: 617 281 335
tonarenas@gmail.com



Ferrería

- **Navallas J. Rodil**
Muruais, 5. A Pontenova.
Tel.: 648 115 385
jrodilartesaniamail.com
- **JOMACA**
Ermida, 25. Riotorto.
Tel.: 982 346 144
jomaca_cuchillos@hotmail.com
- **M.A.F. Artesanía**
Ermida, 20. Riotorto.
Tel.: 982 346 219
mafartesaniamail.com
- **Manuel Pol Veiga**
Ribadiña, 3. Ferreiravella. Riotorto.
Tel.: 982 346 435
miguelpolfernandez@yahoo.es



Instrumentos musicais

- **Mapato Percusión Africana**
Piñeiro, 4. San Xurxo. Lourenzá.
Tel.: 664 812 654
mujerpaz@yahoo.es



Marroquinería



Vidal Revilla

Daian N° 3 Bis. Cervo.

Tel.: 982 557 834

vidalrevilla@gmail.com



Fonte Meimil

Alfonso VII, 8. Mondoñedo.

Tel.: 649 632 262

str3str@yahoo.es



Sanaartesana

Piñeiro, 4. San Xurxo. Lourenzá.

Tel.: 664 812 654

mujerpaz@yahoo.es



Atelier Raíces Nómadas

Rúa Estación de Feve, 7. Ribadeo.

Tel.: 673 771 367

raicesnomadasart@gmail.com



Modista



Reme Espantoso

Avenida Do Vicedo, 9, 4D. Foz.

Tel.: 666 205 595

remeespantoso@gmail.com



Peletería



María Jul

Corrales 5, San Cibrao. Cervo.

Tel.: 982 594 158

mariajul@yahoo.com



Serigrafía



Estudio Estampa

Ponte Pousada, 7. Mondoñedo.

Tel.: 671 976 433

lucivargasgarcia@hotmail.com



Julieta Vargas García

Ponte Pousada, 7. Mondoñedo.

Tel.: 684 220 491

julietavargasgarcia@gmail.com



Xoiaría



Abella Taller de Joyería

Arcadio Pardiñas, 2. Burela.

Tel.: 690 128 285

estebanabella@hotmail.com



Crisol Taller de Joyería

Praza de Lugo, 5. Viveiro.

Tel.: 982 563 611

info@tallerdejoyeriacrisol.com



Óscar Rodríguez Joyeros

Cervantes, 5-7. Viveiro.

Tel.: 982 550 057

administracion@oscar-rodriguez.com

Notas:

